

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a concesión de dominio público, a título gratuito, feita polo Concello de Santiago de Compostela á Comunidade Autónoma de Galicia, sobre un inmovible con destino a centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Sistemas Microinformáticos e Redes
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Automoción

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo para a posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) instancia da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Consellería de Traballo e Benestar, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e da Secretaría Xeral de Medios

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Betanzos, para a execución da obra de ampliación da rede de saneamento en Roibeira (Betanzos) por importe de douscentos cinco mil trescentos corenta e catro euros con vinte e seis céntimos (205.344,26 €)

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Sober, para a execución das obras de saneamento da parroquia de Vilaescura no concello de Sober por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as empresas *Gas Natural SDG, S.A.*, *Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. (BEGASA)*, a *Asociación de Produtores y Distribuidores de Energía de Galicia (APYDE)*, *Endesa Distribución Eléctrica, S.L.*, *Distribuidora Eléctrica de Catoira, S.A.*, *Eléctrica de Valdriz, S.L.*, *Salto del Cabrera, S.L.*, *Electro Manzaneda, S.L.* e *Eléctrica de Alberquería, S.A.*, para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión na Comunidade Autónoma de Galicia (tarifa 2008)

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de Formación da Academia Galega de Seguridade Pública para o ano 2010

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de Estabilización da plataforma no punto quilométrico 0+600 da estrada LU-723: Pontes de Gatín (LU-722)-límite provincia de León, por unha contía aproximada de douscentos tres mil catrocentos noventa e sete euros con noventa e un céntimos de euro (203.497,91 €)
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de proteccións ante desprendementos de noiros na estrada LU-651 de Quiroga a Seoane do Courel, punto quilométrico 6+160/8+200/9+100, por unha contía aproximada de catrocentos quince mil euros (415.000,00 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación da Escola Galega de Directivos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde

- Informe sobre o desenvolvemento do Pacto Local

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do protocolo xeral de colaboración entre as comunidades autónomas de Aragón, Castilla y León, Galicia, Navarra e La Rioja, para a coordinación de actuacións no Camiño de Santiago
- Informe sobre conxuntura turística do exercicio 2009

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe relativo ao Plan de Actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral – ISSGA 2010
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio de 2010 as axudas e subvencións para o fomento do emprego, a través dos programas de cooperación coas entidades locais e se procede a súa convocatoria

O CONSELLO DA XUNTA ACEPTA A CESIÓN DUN INMOBLE DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA PÓR EN MARCHA O CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL DE MULLERES

- *Ante a imposibilidade de desaloxar o edificio, a Xunta optou pola cesión parcial da antiga casa de acollida por ser a opción máis rápida para resolver un problema que levaba catro anos parado e que tivo como únicas afectadas as mulleres que non tiveron este servizo.*
- *Nos orzamentos da Xunta para 2010 existen varias partidas para a rehabilitación e posta en marcha do centro, que suman 450.000 euros.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de aceptación da cesión parcial dun edificio do Concello de Santiago para a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, que levaba tres anos e medio bloqueado.

O proxecto de establecer un Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero no edificio do Concello de Santiago de Compostela xurdiu hai tres anos e medio. Non obstante, ata hoxe non se materializou a cesión debido ao bloqueo en que estiveron as negociacións.

Por iso, a aprobación por parte do Consello do decreto de cesión supón un importante paso para poder dotar de servizos e recursos as mulleres vítimas de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos.

A aprobación deste decreto de aceptación foi posible porque este goberno tivo como única prioridade as mulleres e centrou todos os seus esforzos en lograr a rápida posta en marcha do centro para a mellora da atención ás mulleres.

Agora, unha vez que o Consello aprobou o decreto de aceptación da cesión a favor da Comunidade Autónoma, publicarase o decreto no DOG e formalizarase o contrato en documento administrativo.

A partir de aí poden comezar as obras de rehabilitación e reforma do edificio para a apertura do centro. Nos orzamentos da Xunta para 2010 existen varias partidas para a rehabilitación e posta en marcha do centro, que conxuntamente suman un total de 450.000 euros.

O Centro de Recuperación Integral

A Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece, no seu artigo número 49, a creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, que, segundo o texto legal, “desenvolverá un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

modelo de atención integral baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico”.

Este centro completa un sistema legal de protección e asistencia fronte á violencia de xénero, que xa conta con outros instrumentos como a Rede Galega de Acollemento, o servizo de atención 24 horas, o Punto de Coordinación das ordes de protección, puntos de encontro familiar e os Centros de Información as Mulleres.

Este proxecto de intervención para o tratamento integral da violencia de xénero significa que deben existir servizos en todas as fases do proceso (detención, emerxencia, acollemento, atención, recuperación e reinserción) e que cubran todas as áreas vitais (psicolóxica, educativa, xurídica, laboral e social).

Este centro quere converterse nun sistema asistencial preparado para responder de inmediato, atendendo ás causas de violencia, valorando os factores de risco, atendendo ao momento vital da vítima do maltrato, instaurando intervencións de diferente intensidade e modalidade, e promovendo os cambios sen esperar a demanda.

A súas áreas de intervención serán: a atención psicolóxica, individualizada e axustada ás necesidades que presente cada usuaria en cada momento; a área xurídica, asesoramento e acompañamento dos trámites; e a intervención social e laboral, dirixida á reinserción laboral, procura de recursos económicos, de vivenda, conciliación, etc..

EDUCACIÓN APROBA OS NOVOS CURRÍCULOS FORMATIVOS DOS CICLOS DOS SECTORES PRODUTIVOS DE ELECTRICIDADE, INFORMÁTICA E AUTOMOCIÓN

- *En virtude destas modificacións, estes estudos quedan adaptados ao Sistema Nacional das Cualificacións*
- *O obxectivo do cambio é potenciar a inserción laboral dos estudantes formados na FP*

O Consello da Xunta autorizou hoxe os decretos polos que se establecen os currículos de dous ciclos formativos de grao medio e dun de grao superior, tres das titulacións máis demandadas. En virtude destas autorizacións quedan establecidos os currículos para as familias de ciclos formativos de grao medio correspondentes ao título de técnico en Sistemas Microinformáticos e Redes, e de técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas.

Do mesmo modo tamén quedaron aprobados os novos temarios que seguiran aqueles que opten por estudar o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Automoción.

Adaptación ao Sistema Nacional

En virtude destes cambios, os currículos dos estudos quedan modificados, adaptándose o temario da Comunidade Autónoma de Galicia ao Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais. Deste xeito, os novos currículos adaptan as devanditas titulacións ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo, o que favorece unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para acadar estes obxectivos, os currículos a que deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta determinan a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional. Ademais, quedan establecidos os obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe en cada módulo, que lles deben permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Con esta mesma finalidade, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas esixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Outra das novidades desta liña é a inclusión da formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais

Os cambios foron realizados tendo en conta os informes do Consello Escolar de Galicia e do Consello Galego de Formación Profesional, en virtude dos cales se incorporan modificacións específicas dalgúns dos decretos e outras de carácter xeral que afectan a outros decretos dos currículos de formación profesional xa publicados.

A REDE DE CENTROS CeMIT CONTRIBUIRÁ AO ACHEGAMENTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS AOS CIDADÁNS DE XEITO MÁIS EFICIENTE, COORDINADO E CON MAIOR CALIDADE

- *A creación da nova rede responde á necesidade de coordinar as actuacións en materia de alfabetización dixital e desenvolvemento da sociedade da información, integrando os axentes implicados baixo unha estratexia de actuación clara e definida*
- *A Rede CeMIT configúrase como un importante vehículo para promover iniciativas encamiñadas a impulsar as TIC, así como as políticas de goberno en ámbitos como a empregabilidade, a competitividade empresarial, a e-inclusión ou a e-Administración*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se establecen as condicións xerais para a posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia, Rede CeMIT, que coordinará as actuacións das distintas aulas públicas de acceso a internet dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a acadar a alfabetización dixital da sociedade galega e o desenvolvemento da sociedade da información.

Tanto os 60 centros da Rede de Dinamización da Sociedade da Información (RDSI) como os 56 telecentros da Rede de Telecentros de Comunicación (RTC), actualmente existentes, se puxeron en marcha co obxectivo de achegar as novas tecnoloxías á poboación, facilitar a inclusión dos colectivos menos favorecidos e impulsar o uso das TIC nas pemes e micropemes. Ademais, o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) da Consellería de Traballo e Benestar ofrece aos profesionais do sector privado, ocupados ou en busca de emprego, formación técnica de alto nivel relacionada co mundo das novas tecnoloxías.

Neste contexto e ante a inexistencia dun elemento que vertebre as iniciativas existentes e integre os axentes implicados cunha estratexia clara e definida, facíase necesario un modelo único que coordinase as distintas actuacións levadas a cabo polos centros da RDSI e da RTC en materia de alfabetización dixital e desenvolvemento da sociedade da información, e permitise o aproveitamento do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia como referente na formación das novas tecnoloxías de alto nivel baixo as premisas de eficiencia e calidade.

Cómpre definir e desenvolver a Rede CeMIT cunha imaxe de marca propia, en que participen todas as administracións afectadas e que sirva como elemento xerador de crecemento e desenvolvemento económico no marco das directrices da Estratexia Galega da Sociedade da Información. Tamén se concibe como un instrumento que permita vertebrar territorial e socialmente Galicia a través da creación de condicións de acceso igualitario ás novas tecnoloxías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Rede Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica configúrase como un importante vehículo para a posta en práctica de iniciativas orientadas a impulsar as TIC e a sociedade da información en Galicia e tamén das políticas de goberno en áreas como a empregabilidade, competitividade empresarial, e-inclusión, benestar e e-Administración.

A Rede CeMIT posibilitará a adhesión de todos aqueles centros que dispoñan das infraestruturas necesarias, en particular os centros pertencentes á Rede de Telecentros de España situados en Galicia e, en xeral, ás bibliotecas, centros cívicos, asociacións, fundacións etc. que contén cos medios precisos para a súa incorporación. Así mesmo, a rede contará co apoio permanente da Dirección Xeral de Administración Local no desenvolvemento da Administración electrónica na Comunidade.

Máis de 100 cursos no 2010

Os centros CeMIT ofrecerán ao longo deste ano máis de 100 cursos de 14 categorías diferentes nos 94 concellos en que ten presenza a rede. Os diferentes servizos teñen como público obxectivo cinco colectivos: a cidadanía, en que se inclúen os desempregados, maiores inmigrantes, mulleres, persoas con discapacidade e maiores; os profesionais das TIC, tanto ocupados como desempregados; as empresas, micropemes e autónomos; os empregados públicos; e os axentes territoriais, colectivo que agrupa os servizos municipais, asociacións cívicas, empresariais, as ONG, as ANPA etc.

A oferta de servizos da rede comprende tres áreas; a formativa, que pode ser presencial (cursos e obradoiros) ou on-line (básica ou multimedia); de difusión, con charlas e xornadas de sensibilización e divulgación das actuacións dos centros; e o servizo de "aula aberta", que posibilitará o acceso libre e de balde dos usuarios á utilización do equipamento dos centros co apoio e asesoramento dos dinamizadores.

Os usuarios da Rede CeMIT poderán mellorar as súas habilidades na área de novas tecnoloxías en temas como a orientación laboral, as redes sociais, o comercio e banca, lecer e servizos da rede, a Administración electrónica, a xestión de empresas, equipamento TIC e conectividade, ofimática, seguridade TIC, alfabetización dixital, multimedia e audiovisual, comunicacións TIC, deseño gráfico e tratamento de imaxes e formación TIC avanzada. Serán preto de 3.000 horas de formación para achegar as novas tecnoloxías a toda a sociedade galega.

AUGAS DE GALICIA FINANCIA A OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN ROIBEIRA, BETANZOS, MEDIANTE UNHA ACHEGA DE MÁIS DE 200.000 EUROS

- *As actuacións están enmarcadas dentro dun convenio de colaboración técnica-financeira entre a Consellería de Medio Ambiente co Concello de Betanzos*
- *O obxecto das obras é instalar os colectores de saneamento e realizar os bombeos precisos para levar as augas residuais ata a rede xeral do municipio coruñés*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un convenio de colaboración técnica- financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Betanzos para a execución da obra de ampliación da rede de saneamento en Roibeira.

Augas de Galicia financia esta actuación hidráulica cunha achega económica de 205.344 euros distribuídos en dous exercicios, corresponden 100.000 euros a este ano 2010 e 105.344 ao vindeiro 2011.

O obxecto deste convenio é dotar ao núcleo de Roibeira dos servizos mínimos de saneamento, sendo preciso acometer a súa conexión coa rede existente co fin de transportar as augas residuais á rede xeral de Betanzos. Deste xeito, beneficiaranse un total de 30 vivendas desta zona de Robeira.

Actuacións

A nova rede estará constituída por colectores por gravidade e dous bombeos soterrados, un principal e outro secundario, para conducir as augas residuais á rede xeral do concello. Executaranse catro treitos de conducións por gravidade con tubos de 315 mm de diámetro, o que suma unha lonxitude total de 790 metros.

O bombeo secundario contará cunha bomba e outra de reserva para elevar as augas residuais procedentes dun dos tramos por gravidade. As conducións levaranse a cabo mediante 120 metros de impulsión en tubaxe ata un pozo doutro tramo. O bombeo principal recollerá as augas deste último treito e transportaraaas ata un cuarto tramo que xa conecta coa rede principal do municipio. O bombeo tamén disporá dunha bomba e outra de reserva para impulsar a auga residual por 315 metros en tubaxe. O trazado da impulsión do bombeo principal necesitará 12 metros de perforación horizontal baixo a estrada AC-840 (Betanzos- límite de provincia).

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante estes investimentos, pretende resolver os problemas ou carencias de infraestruturas dos entes locais galegos. Así, neste caso, mellórase a calidade dos servizos de saneamento e abastecemento do citado municipio.

Obrigas

Por unha parte, a Xunta de Galicia debe participar no financiamento das obras e resérvase o dereito a inspeccionalas, tanto durante a súa execución como no seu remate.

Por outra parte, o Concello de Betanzos asumirá a obriga de redactar o proxecto técnico das actuacións, así como realizar as xestións de permisos precisos. Tamén deberá levar a cabo as accións de contratación, execución, dirección, control e recepción do proxecto de mellora.

Cómpre sinalar que se constituirá unha Comisión de Seguimento deste convenio formada por un representante de cada unha das partes co propósito de impulsar e avaliar o cumprimento do acordo, interpretar o seu contido en caso de dúbidas e propoñer resolucións de controversias.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 150.000 EUROS PARA UN PROXECTO DE SANEAMENTO EN VILAESCURA, NO CONCELLO LUCENSE DE SOBER

- *O obxectivo desta acción hidráulica é dotar a parroquia de Vilaescura de servizos mínimos de saneamento para, posteriormente, conectalos coa rede existente da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Sober*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello lucense de Sober para poñer en marcha as obras de saneamento na parroquia de Vilaescura. O departamento que dirixe Agustín Hernández, a través de Augas de Galicia, participará no proxecto cun orzamento de 150.000 distribuídos en dúas anualidades: 75.000 euros neste ano e outros 75.000 no vindeiro 2011.

A Consellería financia esta actuación, xa que forma parte da súa política de establecer marcos de colaboración coas corporacións locais para o desenvolvemento de obras de carácter hidráulico.

Estas obras consistirán na creación de dous colectores de 1.763 metros cun diámetro de 200 e 250 mm, que conectarán co colector xeral da estrada CP-5902, que pola súa banda conecta coa EDAR de Sober. Neste sentido, esta actuación beneficiará a máis dun cento de habitantes desta parroquia do concello lucense.

Deste xeito, Medio Ambiente asume a responsabilidade de inspeccionar esta obra hidráulica, tanto durante a execución como no seu remate. Pola súa banda, o Concello de Sober debe redactar o proxecto técnico das obras, e realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias asumindo os custos destas xestións. Tamén será responsabilidade da entidade local levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras.

Unha vez finalizada a obra, presentará en Augas de Galicia a documentación necesaria para acreditar o gasto de materialización desta actuación que foron obxecto de financiamento por parte do Goberno galego.

Tal e como se recolle no texto do convenio, procederase a establecer unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes, que interpretará o contido do convenio, instará as partes á resolución de posibles controversias e avaliará o cumprimento das condicións do citado convenio.

MÁIS DUN CENTO DE CONCELLOS GALEGOS SE BENEFICIARÁN DUN INVESTIMENTO DE 24,1 MILLÓNS DE EUROS PROMOVIDO POR ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA A MELLORA DA CALIDADE DO SERVIZO ELÉCTRICO

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería que dirixe Javier Guerra e as empresas distribuidoras*
- *O acordo permitirá levar a cabo case 260 actuacións en máis dun cento de concellos das catro provincias galegas no período 2010-2011*
- *O Goberno da Xunta mellora a calidade da subministración e garante a demanda de particulares e empresas nas mellores condicións*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas distribuidoras que permitirá investir 24,1 millóns de euros en plans de mellora da calidade do servizo eléctrico, de control da tensión e de limpeza da vexetación nas marxes das liñas eléctricas en Galicia no período 2010-2011.

Este acordo, que deriva do convenio marco xa autorizado con anterioridade polo Consello da Xunta co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, permitirá levar a cabo case 260 actuacións en máis dun cento de concellos espallados polas catro provincias galegas, o que supón un notable incremento con respecto ás obras levadas a cabo no período anterior, e que unicamente abrangueron 182 accións de mellora neste eido.

Segundo o establecido neste acordo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, financiará a realización de plans de calidade que melloren a prestación do servizo eléctrico na Comunidade Autónoma, plans de control da tensión e plans para realizar a limpeza da vexetación nas marxes por onde discorren as liñas eléctricas de distribución da corrente.

Neste convenio recóllese a realización de 166 obras incluídas nos plans de mellora do servizo eléctrico e 30 accións pertencentes aos plans de control da tensión. Por outra banda, a relación de actividades de limpeza das marxes por onde transcorren as liñas eléctricas suma 63 obras.

Con este convenio, a Consellería de Economía e Industria persegue a mellora das instalacións de distribución de enerxía eléctrica na nosa Comunidade e, polo tanto, a mellora da calidade da subministración, sobre todo naquelas zonas que máis o precisan, ademais de garantir a atención da demanda de enerxía eléctrica efectuada tanto por particulares como por empresas nas mellores condicións de calidade.

A AGASP AMPLÍA A SÚA OFERTA FORMATIVA A BOMBEIROS, AXENTES FORESTAIS E MANDOS DA POLICÍA LOCAL

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o Plan de Formación da Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia para o ano 2010*
- *A academia pretende converterse nun centro de referencia no ámbito nacional entre os profesionais da seguridade e dos servizos de emerxencias e protección civil*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe na súa xuntanza semanal o plan de formación continua que vai levar a cabo a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) durante o presente ano 2010, que se concibe como un proceso formativo integral e que vai ampliar a oferta formativa a bombeiros, axentes forestais e mandos da Policía Local.

Ademais destes colectivos, tamén se beneficiarán do Plan de Formación da Agasp o persoal das forzas e corpos de seguridade, o persoal do Sistema Integrado de Protección Civil e Emerxencias e o persoal de seguridade privada. Unha das novidades para este ano é o programa de formación dos candidatos a controladores de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

Neste ano 2010 vanse empregar metodoloxías de formación máis activas, e entre outras medidas, o inglés vaise incorporar ao curso de formación para os funcionarios en prácticas do corpo de Policía. Ademais, ofertaranse cursos de habilidades directivas dirixidos a mandos da Policía Local.

O plan de formación tamén inclúe cursos novidosos como manexo de enxames, salvamento e socorrismo en riadas e inundacións e manexo de vehículos en zonas non asfaltadas. Así mesmo, incorpora a aplicación das novas tecnoloxías á formación, a través de melloras na páxina web, do incremento na oferta de formación semipresencial e a distancia e de melloras na plataforma de teleformación.

Estes plans de formación pretenden sentar as bases para converter a AGASP nun centro de referencia e marco de encontro no nivel nacional entre os profesionais da seguridade e dos servizos de protección civil e emerxencias. A Axencia Galega de Seguridade Pública ábrese así á sociedade a través da realización de actividades de formación en colaboración con outras administracións públicas e da organización de xornadas sobre temas de actualidade.

Co obxectivo de mellorar a calidade dos servizos de seguridade e de protección civil e emerxencias, a Agasp recolle nas súas liñas estratéxicas a motivación e apoio aos profesionais das forzas e corpos de seguridade, de protección civil, bombeiros e axentes forestais e seguridade privada. De forma continua, incorpora a análise das necesidades de formación do persoal das forzas e corpos de seguridade e dos servizos integrados de protección e emerxencias, e a adecuación da oferta á demanda.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 610.000 EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA PARA A ESTABILIZACIÓN DE NOIROS NA PROVINCIA DE LUGO, AFECTADOS POLAS ADVERSAS CONDICIÓNS METEOROLÓXICAS

- *Esta achega fíxose necesaria tras os episodios de intensas chuvias rexistradas nos meses de novembro e decembro en varias zonas da provincia de Lugo*
- *Os traballos teñen como finalidade garantir a seguridade dos usuarios destas estradas e se iniciaron os traballos de aseguramento destas infraestruturas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá un investimento de máis de 610.000 euros por vía de emerxencia para materializar as obras de estabilización de noiros da estrada que une Pontes de Gatín- límite da Provincia de León (LU-723) e da estrada Quiroga- Seoane do Courel (LU-651), na provincia de Lugo. Estas actuacións acométese pola vía de urxencia ante a necesidade de solucionar estes danos, que se produciron en boa medida debido ás intensas chuvias rexistradas nos meses de novembro e decembro do pasado ano, e que provocaron o desprazamento dos noiros.

Actuacións en Quiroga

A primeira destas actuacións estase a realizar na estrada LU-651 que une as poboacións lucenses de Quiroga e Seoane do Courel, concretamente nos p.q. 6+160, 8+200 e 9+100; e teñen un custo de 415.000 euros. As chuvias provocaron os desprendementos de noiros con cortes de tráfico na obra de mellora e ensanche da estrada LU-651, treito Quiroga-Alto do Boi. A previsión da Consellería de Medio Ambiente é que estas obras rematen no mes de marzo, coa reposición do pavimento na pista municipal.

Os traballos que se están a realizar, para evitar futuros problemas de seguridade viaria, céntranse en movementos de terras, na instalación de rede de cable de aceiro e de ancoraxe mediante bulóns, colocación de malla de aceiro de tripla torsión, a construción de muros de contención e a instalación de pantalla dinámica.

Pontes de Gatín

A segunda das actuacións- que xa está rematada- contou cun orzamento de máis de 203.000 euros e tivo por obxectivo a estabilización da plataforma no núcleo de San Remixio, en Becerreá, no punto quilométrico 0+600 da estrada LU-723, que une Pontes de Gatín co límite da provincia de León. Esta actuación foi necesaria, tras o episodio de intensas chuvias rexistradas o pasado 3 de decembro de 2009, cando a causa deste fenómeno atmosférico adverso se produciu o desprazamento dun noiro de terraplén no punto quilométrico sinalado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A zona afectada do noiro é contigua ao punto en que se produciu un corremento en febreiro do 2009. Nesa ocasión, provocou –xunto con outras incidencias nesta estrada– a tramitación dun expediente de obras de emerxencia para construír un muro de contención de 8 metros de altura e 45 metros de lonxitude nese punto quilométrico.

Polo tanto, ante o novo corremento, foi necesario prolongar o dito muro outros 25 metros, baixo a mesma tipoloxía e as mesmas características que as do xa existente.

A execución das obras prolongouse por un período dun mes e durante ese período procedeuse a serrar do pavimento do carril esquerdo e a desmontar a barreira metálica de contención de vehículos e derrubamento de bordo. Tamén se escarvou o núcleo do terraplén para chegar á cota de cimentación do muro que se vai construír, e trasladáronse ao vertedoiro estes materiais, así como os elementos desprazados. O último dos traballos realizados foi a reposición da canle de regadío existente ao pé do terraplén e limpeza da marxe do río e do predio.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE VAI IMPULSAR A PROFESIONALIZACIÓN DAS PERSOAS QUE ASUMAN POSTOS DE RESPONSABILIDADE

- *Co fin de garantir unha xestión eficiente dos recursos asistenciais*

A Consellería de Sanidade considera que promover unha formación posgraduada regulada que adestre os profesionais que teñen que asumir responsabilidades de xestión sanitaria, cun manexo de recursos públicos moi grande, vai permitir crear un marco xeral de profesionalización do sanitario con responsabilidades xestoras. A formación a cargo de persoas con experiencia no eido é, no día de hoxe, o único recurso dispoñible, por este motivo; combinar unha formación acreditada cuns docentes de experiencia garante un paso adiante na formación en xestión.

En consecuencia, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía, planificou, como nova actividade tanto formativa como de desenvolvemento profesional e de acreditación, a Escola de Directivos Sanitarios de Galicia, co obxectivo de impulsar a profesionalización das persoas que asuman postos de responsabilidade e, deste xeito, garantir unha xestión eficiente dos recursos asistenciais.

Sanidade é consciente de que a actual xestión sanitaria se está a mover nun marco en que a axeitada planificación dos servizos e dos tempos xogan un papel fundamental na tarefa do directivo, pero nos plans de formación regulados dos profesionais sanitarios os aspectos relacionados con estes temas non están recollidos e, polo tanto, o profesional sanitario a que se lle encomenda a tarefa de dirección debe formarse en coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver con garantías o exercicio das súas responsabilidades.

As liñas estratéxicas que se van seguir a través desta Escola abranguen a formación en xestión sanitaria, a acreditación de directivos, a colaboración con outros servizos de saúde e, ademais, o intercambio de directivos.

Respecto da primeira liña, a formación en xestión, establécese un foro continuo de formación para expertos en xestión sanitaria co obxectivo de poñer á súa disposición o coñecemento de novas técnicas e experiencias da man dos líderes que os encabecen. Así mesmo, realizarase un curso de dirección sanitaria dirixido aos novos xestores e directivos e encamiñado a garantir unha sólida base de coñecemento. Tamén se fará un curso de xestión clínica dirixido a xefes de servizo e responsables de unidades asistenciais, para desenvolver as súas habilidades de xestión e microxestión; e outro curso de supervisión e coordinación de unidades de enfermaría, co obxectivo de proporcionarlles habilidades de xestión na súa categoría asistencial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No que se refire á segunda das liñas estratéxicas, a de acreditación de directivos, será planificada como un paso adiante na profesionalización, baseándose en criterios que aseguren, coas ferramentas á disposición do servizo de saúde, unha axeitada baremación e catalogación do profesional, ademais de deseñar unha carreira directiva que lle permita progresar profesionalmente e chegar a ser recoñecido como experto en xestión do Sergas.

Na epígrafe de colaboración con outros servizos de saúde, estableceranse acordos con diferentes servizos de saúde para a realización de diversas actividades encamiñadas a facilitar información e recoñecer os méritos das persoas con experiencia en xestión.

Por último, na epígrafe de intercambio de directivos, a xestión integrada forma xa parte da planificación base do Sergas e, polo tanto, das necesidades de coñecemento dos xestores. A rotación mediante titorías interpersoais de directivos pretende achegar aos xestores os diferentes niveis asistenciais, facilitándolles coñecementos naqueles en que non contan con experiencia previa.

O SERGAS VAI DESTINAR UN MILLÓN DE EUROS NO 2010 A ASUMIR OS CUSTOS DE MANTEMENTO DE DIVERSOS CENTROS DE SAÚDE

- *En cumprimento do protocolo asinado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp, o Goberno galego fai un gran esforzo económico no escenario orzamentario actual para o apoio aos concellos*
- *Na actualidade, o Consello da Xunta aceptou a cesión de 27 centros de saúde*

O Servizo Galego de Saúde vai destinar, ao longo deste ano, un millón de euros para asumir os custos de mantemento de diversos centros de saúde, en cumprimento do protocolo asinado no seu día entre o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde por parte da Xunta de Galicia supón un alivio importante para o estado financeiro dos concellos. Deste xeito, liberados deste gasto, poderán atender mellor outras necesidades da cidadanía. Neste sentido, cómpre destacar que, no momento de dificultades orzamentarias de todas as administracións públicas, a situación das facendas locais é especialmente delicada, polo que esta iniciativa da Xunta de Galicia vai ter unha repercusión de especial importancia na poboación dos concellos.

Na actualidade, e seguindo o compromiso para o ano 2010, o Consello da Xunta aceptou a cesión de 27 centros de saúde, 12 na provincia da Coruña (Culleredo, Curtis (2), Cedeira, Cerdido, Ames, Mesía (2), Miño, A Serra de Outes, Muxía e Oleiros), 4 na de Lugo (Cervo (2), Vilalba e Láncara); 3 na de Ourense (Arnoia, Beade e Bande); e 8 na de Pontevedra (Cerdedo, Baiona, Meaño (2), Ponte Caldelas, Pontecesures, Soutomaior e Valga).

Segundo o protocolo asinado entre a Fegamp e a Administración sanitaria galega estableceuse a agrupación dos centros de saúde en función da situación en que se atopaban. No primeiro grupo están os centros que están situados nun edificio con uso exclusivo e que pode ser obxecto de cesión patrimonial. Nesta categoría están 238 centros (91 da provincia da Coruña, 51 da de Lugo, 44 da de Ourense e 52 da de Pontevedra).

A cesión destes 238 centros realizarase mediante un convenio de colaboración. Ata o de agora, asinaron o convenio 56 concellos, que representan 83 centros de saúde.

Neste sentido, os concellos deben remitir a documentación económica (certificación de gastos) e patrimonial (acordo plenario de cesión, certificado do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de bens das entidades locais, certificado do Rexistro da Propiedade de titularidade e situación de cargas e gravames e referencia catastral ao Servizo Galego de Saúde), que, unha vez comprobada, a eleva ao

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Consello e procede á formalización material da cesión e posterior inscrición no Rexistro da Propiedade, de forma progresiva de acordo cos prazos establecidos coa Fegamp, e atendendo á dispoñibilidade financeira existente para este acordo.

APROBADO O PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CONXUNTAS NO CAMIÑO FRANCÉS

- *O marco de colaboración autorizado comprende as comunidades autónomas de Galicia, Aragón, Castilla y León, Navarra e La Rioja para a coordinación de actuacións no Camiño de Santiago Francés.*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o Protocolo Xeral de Colaboración entre as comunidades autónomas polas que discorre o Camiño Francés, Aragón, Castilla y León, Galicia, Navarra e La Rioja para a coordinación de accións en materia de mantemento, conservación e promoción do Camiño de Santiago Francés, declarado ben de interese cultural como conxunto histórico desde o ano 1962, designado polo Consello de Europa no ano 1987 como primeiro itinerario cultural europeo e incluído na Lista de patrimonio mundial pola Unesco en 1993.

Promovido pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, as actuacións comprendidas no Protocolo constitúen nunha serie de actividades e proxectos conxuntos no Camiño de Santiago Francés, recoñecendo a singularidade deste itinerario e a súa significación e importancia cultural e histórica. As cinco comunidades por que pasa o Camiño no territorio español colaboran no desenvolvemento de actuacións conxuntas que teñen por obxecto difundir e poñer en valor a ruta de peregrinación, potenciar sinerxías culturais, turísticas, económicas e sociais no eido da peregrinación e do fenómeno xacobeo e establecer protocolos comúns de atención e servizo ao peregrino. Ademais coordinaranse medidas de asistencia sanitaria ao peregrino en todo o ámbito e medidas de seguridade e protección civil, entre outras que poidan xurdir durante a vixencia do protocolo.

A colaboración entre as comunidades autónomas do Estado español ten por obxectivo promover unha correcta coordinación das súas competencias, que se traduzan nun beneficio para os seus cidadáns, e incrementar a súa colaboración e participación nos procesos de adopción de decisións que exceden o ámbito territorial da súa Comunidade.

Grupo de traballo

O grupo de traballo deriva dun acordo adoptado polas cinco comunidades no marco do Consello Xacobeo que vén mantendo reunións periódicas desde principios do ano 2009. A Comunidade de Galicia foi a última en incorporarse ás xuntanzas do grupo de traballo formado polas cinco comunidades do Camiño de Santiago Francés.

Nas reunións levadas a cabo polas comunidades integrantes do grupo tratáronse, ademais do contido do protocolo que asinarán as cinco comunidades autónomas, o deseño das actuacións conxuntas que desenvolverá por cada unha das comunidades cun deseño común durante este Xacobeo 2010. Algúns dos puntos abordados foron o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

establecemento dos Fitos do Camiño, 21 elementos de interese patrimonial de gran significación xacobeá localizados nun medio paisaxístico e etnográfico destacable; a creación dunha Peregrinaxe musical con execución do Coro Accentus; ou a creación do programa Patrimonio Aberto, que se concretará nun folleto en que se identifiquen os monumentos nun mapa e se sinalicen segundo a súa apertura, en horario de mañá ou de tarde.

As actuacións que se realizarán en cada unha das comunidades autónomas serán promovidas individualmente por cada goberno autonómico, porén o deseño será común e utilizarase unha linguaxe, documentos e carteis homoxéneos, o que abarata significativamente o custo. Trátase de ofrecer tamén ao visitante, turista e peregrino, así como á sociedade en xeral a imaxe dunha actuación unitaria e homoxénea no que se refire ao tratamento, conservación, potenciación e difusión desta primeira e senlleira ruta xacobeá.

CULTURA E TURISMO PRESENTA O INFORME DO BALANCE TURÍSTICO DE 2009 ELABORADO POLO INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA

- *O informe, resultante das estatísticas oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE), revela que o maior incremento de viaxeiros foi nos apartamentos turísticos, cun 10,5% máis respecto ao 2008, seguido do turismo rural, cun 8,2%, do número de peregrinos, cun 7,6% e dos acampamentos, cun 1,4%.*
- *O único balance menos positivo foi o referente aos establecementos hoteleiros, cun 3,8% menos que no 2008. Así e todo, cabe sinalar que este descenso é inferior á media nacional, que rexistrou un descenso do 6,6%. No caso galego a recuperación do segundo semestre atenuou en gran parte a maior caída do primeiro.*
- *Os datos confirman o éxito das dúas campañas realizadas pola Consellería de Cultura e Turismo durante os meses de xuño e xullo a través de Turgalicia, adscrita á Secretaría Xeral para o Turismo.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe no Consello da Xunta o informe estatístico global de 2009 do Instituto de Estudos Turísticos de Galicia. O informe revela que o maior incremento de viaxeiros foi nos apartamentos turísticos, cun 10,5% máis respecto ao 2008, seguido do turismo rural, cun 8,2%, do número de peregrinos, cun 7,6% e dos acampamentos, cun 1,4%. O único balance negativo foi para os hoteis, que baixaron un 3,8%. Así e todo, cabe sinalar que este descenso hoteleiro galego é inferior á media nacional, e que a recuperación do segundo semestre atenuou en gran parte a forte caída do primeiro.

Neste sentido, a evolución moito máis negativa do primeiro semestre de 2009 demostra que a actuación rápida e a capacidade de reacción da Administración turística deu os seus froitos. Cunhas previsións de ocupación entre un 15 e un 20% máis baixas en relación a 2008, puxéronse en marcha dúas campañas en xuño e xullo que conseguiron levantar os resultados e incrementaron, segundo Familitur, nunha media do 9% o turismo de españois en Galicia en xuño e xullo, e dun 14% do turismo de galegos en Galicia no mesmo período.

Acampamentos turísticos

No caso dos cámpings, segundo os datos oficiais do INE analizados polo Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, a comunidade rexistrou o pasado ano un total de 219.086 viaxeiros aloxados en campamentos turísticos, o 3,5% do total de España. Este volume supón un incremento do 1,4% respecto do valor rexistrado en 2008, comportamento que ademais rompe cunha serie de tres anos consecutivos con caídas no volume de viaxeiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O crecemento no volume de viaxeiros tradúcese neste caso nun incremento aínda superior nas pernoitas. En particular, no ano 2009 rexistráronse un total de 852.237 pernoitas en campamentos turísticos de Galicia, cifra que medrou un 4% en relación ao 2008.

A estadía media nos cámpings de Galicia foi de 3,89 noites, valor que supón un incremento leve do 2,6% respecto do 2008. Trátase da cifra máis elevada dos últimos seis anos.

A taxa de ocupación media por parcela en Galicia foi do 21,5% durante 2009, cifra que supón un incremento de 1,1 puntos porcentuais respecto do valor de 2008. Este incremento supón un cambio de tendencia respecto do observado nos tres anos anteriores onde se rexistraron caídas consecutivas da taxa de ocupación.

Os valores máis elevados corresponden ao período estival, e concretamente aos meses de xullo e agosto, cando a cifra de ocupación acadou o 31 e o 40%, respectivamente. En termos dinámicos, e agás nos dous primeiros meses do ano, obsérvanse incrementos sucesivos en termos interanuais nas cifras de ocupación mensual.

Apartamentos turísticos

Galicia rexistrou durante o 2009 un total de 48.011 viaxeiros aloxados en apartamentos turísticos da comunidade, que xeraron un total de 213.497 pernoitas. Estas cifras son as máis elevadas de toda a década, e supoñen ademais un incremento do 10,5% e 5,9% respecto do ano 2008. No conxunto de España tanto a cifra de viaxeiros como de pernoitas caeron nun 7,7% e un 13,8%, respectivamente.

O 60% das pernoitas rexistráronse no período estival, sendo agosto o mes de maior afluencia turística, cun total de 63.027, o 30% do global do ano. Abril, o período xuño-outubro e o mes de decembro son os períodos onde se rexistran incrementos porcentuais respecto dos valores de 2008.

Hoteis

A única epígrafe que rexistrou cifras negativas foi a relacionada cos viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros. En 2009 contabilizouse un total de 3.398.517 viaxeiros aloxados neste tipo de establecementos, un 3,8% menos que o ano anterior. Cabe sinalar que este descenso foi moi inferior á media nacional, que rexistrou un descenso do 6,6%, tanto no caso do número de viaxeiros aloxados como nas pernoitas. No caso galego a recuperación do segundo semestre atenuou en gran parte a maior caída do primeiro.

Os meses de abril, agosto, setembro e outubro rexistraron incrementos porcentuais positivos, o que evidencia o cambio positivo de tendencia que se produciu no segundo semestre do ano, o que atenúa dalgunha maneira o forte descenso observado na primeira parte do ano.

En canto ao grao de ocupación hoteleira, que se situou no 32,37%, cómpre destacar que agosto foi o mes que rexistrou un mellor comportamento, acadando o nivel máis alto do ano, cun 56,21%, unha cifra que logrou manterse case nos mesmos termos que no mesmo período do ano anterior.

Turismo rural

En canto aos viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural rexistráronse 177.042, un 8,2% máis que no ano anterior, segundo as análises do Instituto de Estudos Turísticos de Galicia.

O volume total de viaxeiros rexistrado en 2009 é o máis elevado dos últimos 10 anos. O mes de agosto é no que se rexistra a maior afluencia de viaxeiros en turismo rural de Galicia.

O incremento global de viaxeiros traducíuse tamén nun aumento das pernoitas. Rexistráronse un total de 368.234, un 1,1% máis que en 2008. A pequena suba das pernoitas coloca o dato de 2009 no segundo mellor dos últimos dez anos. Só en agosto se rexistraron o 28% das pernoitas do ano.

Peregrinos

Segundo os datos da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, o volume de pernoitas nos albergues de peregrinos situados no Camiño de Santiago ascendeu en 2009 a un total de 331.965, cifra que supón un incremento do 7,6% respecto de 2008. A suba no volume de pernoitas é unha característica que se observa en practicamente todos os tramos do Camiño, e oscilan as porcentaxes de variación desde o 4,7% no tramo francés a niveis do 50% no inglés, froito dos baixos niveis iniciais.

O maior volume de pernoitas concéntrase no período estival, concretamente nos meses de xullo e agosto, que acumulan algo máis de 120.000 pernoitas, o 36,3% do total.

O 70% das pernoitas rexístranse no Camiño Francés, onde se localizan a maior parte dos albergues e onde está o maior volume de peregrinos. O 30% restante repártese nos restantes tramos, destaca o Camiño Portugués co 8,5% e a Vía da Prata, co 7,2%.

A Oficina do Peregrino rexistrou, pola súa banda, un total de 145.877 peregrinos, cifra que se incrementou nun 16,6% en relación ao 2008. Este comportamento positivo obsérvase practicamente en todos os meses do ano.

O incremento rexistrado no ano 2009 coloca o dato de peregrinos no máis elevado dos últimos anos, exceptuando os propios anos xacobeos.

O PLAN DE ACCIÓN DO ISSGA PARA 2010 INCIDIRÁ NA PREVENCIÓN DE RISCOS DE MÁIS DE 100.000 TRABALLADORES E 67.000 AUTÓNOMOS

- *O documento, que o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral xa está a poñer en práctica, foi presentado hoxe no Consello da Xunta*
- *A Consellería de Traballo e Benestar incrementará ao longo deste ano as investigacións dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais*
- *O Goberno galego creará este ano o Observatorio Galego de Condicións de Traballo para mellorar o estudo dos indicadores preventivos de maior relevancia co obxecto de dispoñer de información de calidade para a toma de decisións*
- *A Xunta está a reforzar o control e asesoramento nas empresas con risco de amianto*

O Plan de Acción do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2010, que se presentou hoxe no Consello da Xunta, incidirá na prevención de riscos e no asesoramento e control de máis de 100.000 traballadores e 67.000 autónomos.

En concreto, o ISSGA incrementará ao longo deste ano as súas actuacións de asesoramento e control nas empresas que concentran maiores índices de accidentalidade, xa que prevé visitar máis firmas que o ano pasado a través do seu Plan de Loita contra a sinistralidade laboral, que forma parte do documento global que hoxe se presentou no Consello. Neste momento, estímase que se incidirá sobre 107.000 traballadores.

Ademais, a través do Plan de Autónomos farase fincapé na prevención de riscos e integraranse os mecanismos de información e asesoramento técnico, formación e colaboración nas tarefas de vixilancia da saúde deste colectivo, principalmente os que forman parte dos sectores do agro, gandería, forestal e pesca. De aí, calcúlase que se poida chegar a máis de 67.000 traballadores autónomos.

Así mesmo, o Plan de Acción inclúe actuacións preventivas específicas no sector da construción co asesoramento en pequenas empresas en colaboración coa Fundación Laboral da Construción. Estímase que no 2010 se leven a cabo máis de 1.000 actuacións neste momento. Ademais, desenvolverase un maior control e supervisión na xestión preventiva de grandes obras. Ao respecto, prevense realizar preto de 550 actuacións.

Tamén se reforzará o control e asesoramento en aquelas empresas con risco de amianto. Así, aumentaranse as actuacións relativas á información técnica e ás accións de control e seguimento dos traballos.

As investigacións de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais son outros dos puntos relevantes do Plan de Acción do ISSGA. No ano 2010 investigaranse todos os sinistros mortais, graves e de especial transcendencia. Neste sentido, o ISSGA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

aumentará as súas indagacións nos accidentes que teñan como orixe o sobre esforzo, unha circunstancia que incrementará notablemente o número de actuacións neste ámbito, xa que esta causa representa a terceira parte dos accidentes con baixa en Galicia.

Co respecto aos estudos das enfermidades profesionais, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral reforzará estas actuacións, sobre todo, no sector do agro e dos autónomos. Estímase que se levarán a cabo unhas 300 iniciativas neste campo.

Ademais, a Xunta mellorará a calidade e a veracidade dos datos dos partes de accidentes, polo que se estima que aumente a xestión de partes de accidentes de traballo.

Oito eixes fundamentais

Todas estas accións destacan no Plan de Acción do ISSGA 2010, un documento que xa está en marcha e que se centra en oito eixes fundamentais: a xestión de procesos; a creación do Observatorio Galego de Condicións de Traballo; a xestión da sinistralidade; accións de colaboración e asesoramento técnico; plans de redución da sinistralidade; impulso do laboratorio de hixiene analítica; difusión e formación; e, por último, as campañas de sensibilización.

Destaca o Observatorio Galego de Condicións de Traballo, que se creará para a recollida, proceso e estudo dos indicadores preventivos de maior relevancia co obxecto de dispoñer de información de calidade que apoie a toma de decisións.

Por último, o documento inclúe a consolidación no centro de Rande da unidade de referencia para a determinación analítica dos parámetros químicos relacionados cos lugares de traballo, diversas actuacións de información, formación, asesoramento técnico e promoción da prevención e campañas de sensibilización entre os escolares e o alumnado de formación profesional entre outros colectivos.

A este último respecto, incidirase no alumnado de formación profesional e espérase chegar a uns 30.000 mozos e mozas mediante colaboracións coa Dirección Xeral de Xuventude. Ademais, o ISSGA estima que as campañas de sensibilización dirixidas á poboación galega en xeral inciden sobre 830.000 traballadores.

A XUNTA DESTINA ESTE ANO PRETO DE 42 MILLÓNS DE EUROS AOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, QUE PERMITIRÁN AOS CONCELLOS A CONTRATACIÓN DE 4.000 PERSOAS DESEMPREGADAS

- *A conselleira de Traballo deu a coñecer hoxe ao Consello da Xunta as novidades da orde que regula estes plans e que se publicará o próximo luns no DOG*
- *A normativa abre este ano a posibilidade de que os concellos que teñan proxectos que se consideren urxentes poidan contratalos con carácter inmediato*
- *As entidades locais poderán poñer en marcha os Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR) de forma urxente e, polo tanto, antes que outros anos*
- *O texto outorga prioridade na contratación aos traballadores que perderon os seus postos laborais nas empresas da lousa como consecuencia da actual situación económica*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a orde que regulará este ano as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais. O financiamento que a Xunta destinará a esta iniciativa ascenderá a 41,9 millóns de euros, unha contía coa que se prevé a contratación duns 4.000 galegos e galegas que estean desempregados.

Como novidade, a normativa inclúe en 2010 a posibilidade de que os concellos que teñan proxectos que se consideren urxentes poidan contratalos con carácter inmediato, un feito que permitirá, por exemplo, a contratación dos integrantes dos Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR) antes que outros anos, concretamente con case dous meses de adianto.

En concreto, a orde o que permite é levar a cabo contratacións anticipadas á conta das futuras resolucións de concesión co obxecto de garantir aos concellos un mínimo que lles permita a atención urxente daquelas obras ou servizos que as propias entidades locais deban atender con carácter inmediato.

Requisitos

Así mesmo, a orde establece, tamén como novidade, a posibilidade de dar prioridade á contratación dos traballadores e traballadoras que perderon o seu posto laboral nas empresas de extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos de lousa como consecuencia da crise económica.

A convocatoria das axudas vai dirixida, en concreto, ás entidades locais de Galicia para que contraten traballadores desempregados co obxecto de que realicen obras ou servizos de interese xeral e social. A finalidade última é proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesaria para facilitar no futuro a súa inserción no mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Desta maneira, o obxectivo é fomentar a empregabilidade dos desempregados e deseñar e aplicar políticas activas de emprego orientadas tanto a favorecer o desenvolvemento das zonas deprimidas, como á atención de colectivos específicos con especiais dificultades de inserción, onde a colaboración das entidades locais resulta necesaria.

O principal requisito para que as persoas en paro accedan a estes traballos é que estean inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia; menores de 30 anos, principalmente os demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional; persoas con discapacidade o parados de longa duración; persoas desempregadas que esgotaron as súas prestacións e subsidios por desemprego; persoas desempregadas maiores de 45 anos e, por último, integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente aquelas persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

Os programas de cooperación, ademais de dar traballo e cualificación ás persoas en situación de desemprego, destacan porque con eles se dá un pulo importante aos servizos sociais prestados polas entidades locais e a aquelas actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego.

Este último aspecto permite ás persoas desempregadas maiores oportunidades na readaptación ao ámbito laboral. Así, neste sentido, destacan actividades relacionadas cos servizos ambientais, coa cultura, co turismo e co deporte ou con servizos administrativos de informática e de novas tecnoloxías de información e comunicación.